

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

11689 *Corrección de erros do Real decreto 670/2013, do 6 de setembro, polo que se modifica o Regulamento do dominio público hidráulico aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, en materia de rexistro de augas e criterios de valoración de danos ao dominio público hidráulico.*

Advertidos erros no Real decreto 670/2013, do 6 de setembro, polo que se modifica o Regulamento do dominio público hidráulico aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, en materia de rexistro de augas e criterios de valoración de danos no dominio público hidráulico, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 227, do 21 de setembro de 2013, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 7, artigo 49 bis, primeiro parágrafo, primeira liña, onde di: «Para os efectos de determinar...», debe dicir: «1. Para os efectos de determinar...».

Na páxina 23, artigo 197, último parágrafo, onde di: «3. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente disporá...», debe dicir: «4. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente disporá...».

Na páxina 29, artigo 326 ter.1.c), onde di: «... tal como se establece no anexo VI.», debe dicir: «... tal como se establece no anexo V A).».

Na páxina 31, punto vinte e cinco, onde di: «Vinte e cinco. Incorpórase unha nova disposición transitoria quinta coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria quinta. Adecuación das inscricións.»,

debe dicir: «Vinte e cinco. Incorpórase unha nova disposición transitoria cuarta coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria cuarta. Adecuación das inscricións.».

Na páxina 33, anexo V A), 1.b), onde di: «... seguiranse os criterios que se establecen no número 5 deste anexo.», debe dicir: «... seguiranse os criterios que se establecen no número 4 desta parte A).».

Na mesma páxina, anexo V A), 2, primeiro parágrafo, onde di: «... da aplicación das fórmulas ao principio deste anexo...», debe dicir: «... da aplicación das fórmulas indicadas ao principio deste anexo...», e no mesmo número 2, letra d), segundo parágrafo, onde di: «Observación: $(V_m - V_r)$ non pode transformarse como valor absoluto, senón que é o resultado da diferenza. Se é negativo, entón U é menor ou igual que 1, e por tanto, K_{PV} resulta 0», debe dicir: «Observación: se $(V_m - V_r)$ é cero ou negativo, K_{PV} resulta 0.».

Na mesma páxina, anexo V A), 3, primeiro parágrafo, terceira e cuarta liñas, onde di: «... (a. 245.2 do Regulamento do dominio público hidráulico)...», debe dicir: «... (artigo 245.2 do Regulamento do dominio público hidráulico)...».

Na páxina 35, anexo V A), 3, na táboa titulada «Grupo C: outros parámetros», primeira columna, onde di: «Ph», debe dicir: «pH».

Na páxina 36, anexo V A), 4, último parágrafo, onde di: «... recóllese na táboa grupo B número 4.», debe dicir: «...recóllese na táboa correspondente ao grupo B do número 3 desta parte A).».

Na mesma páxina, anexo V C), segundo parágrafo, onde di: «... tomarase o custo de referencia (β) máis elevado.», debe dicir: «... tomarase o custo de referencia máis elevado.».